

GLOSARIO



Bárbaros

Bárbaros: Palavra de orixe grega utilizada para calificar despectivamente a todo estranxeiro que non falaba a súa lingua nin gozaba da súa civilización.

Cos romanos, mantivo o seu carácter pexorativo para cualificar a todo aquel que vivía fóra das fronteiras do Imperio, e que loitaron desde o S. III por cruzar estas e acabaron co Imperio de Occidente no S. V. Entre eles están os xermanos.

Exemplo: Os suevos foron un dos pobos bárbaros.



Concilio

Concilio: Reunión ou asemblea de autoridades relixiosas xeralmente efectuada pola Igrexa católica ou Ortodoxa, para deliberar ou decidir sobre as materias doctrinales e de disciplina.

Os concilios de Toledo eran asembleas eclesiásticas que apoiaban aos monarcas hispanovisigodos nas cuestións lexislativas e de goberno. Formados polo rei, nobreza e alta xerarquía eclesiástica.

Exemplo: o novo papa, León XVI foi elixido nun concilio.



Dinastía

Definición: Serie de príncipes soberanos pertencentes á mesma familia.

Exemplo: O emperador Carlomagno foi a figura máis destacada da dinastía carolínxia



Estado

Definición: Conxunto de institucións con autoridade para establecer as normas dun territorio e a cuxa autoridade están sometidos todos os seus habitantes.


Exemplo: O Estado Visigodo estableuse na Península Ibérica con capital en Toledo.



Idade Media

Idade Media: período histórico da civilización occidental comprendido entre o século V ao XV. Inicíose no ano 476, coa caída do Imperio romano de Occidente, e rematou (segundo os historiadores) no 1492, cando Colón chegou a América, ou en 1453, coa caída do Imperio bizantino, o mesmo ano no que Gutenberg inventou a imprenta.

Exemplo: A Idade Media está entre a Idade Antiga e Moderna.



Imperio

Imperio: Entidade política de grande extensión que agrupa un conxunto de territorios diferentes conquistados por unha autoridade única.

Exemplo: O Imperio de Carlomagno estendeuse desde o 800 ata a división dos territorios no 843.



Historia

Definición: ciencia que estuda o pasado da humanidade a partir de distintas fontes. Tamén é a etapa que vai dende a aparición da escritura (arredor do 3.500 a. C.) ata a actualidade. Os especialistas adicados a estudar a historia partindo das fontes son os historiadores ou historiadoras.

Exemplo: A Idade Media e Moderna, son etapas da Historia da humanidade.



Reinos

Reinos: Territorio e Estado que está baixo a autoridade dun rei ou raiña.

Exemplo: O Reino Suevo foi o primeiro en establecerse oficialmente no 409 no territorio de Gallaecia.



Ruralización

Ruralización: é o movemento da poboación e das actividades económicas das cidades ao medio rural, producíndose un notable baleiro urbano.

Exemplo: coa decadencia e caída do Imperio romano de Occidente produciuse un proceso de ruralización en Europa.